

O posicionamento de Curros Enríquez perante a lingua

Elisardo López Varela
Universidade da Coruña

Nos finais do século XIX cómpre salientarmos dous aspectos referentes ao idioma: un, o social, e outro, o lingüístico. No primeiro, a nivel oral, o galego era practicamente utilizado por toda a poboación. Non sucedía así cando se trataba da súa escrita. Literariamente, co Rexurdimento, a lingua recobrou parte do seu pulo da época medieval, mais a súa utilización a nivel científico aínda non xermolara, como o testemuña o feito de que os nosos escritores utilizaban habitualmente o español na súa correspondencia epistolar¹.

Gramaticalmente, no XIX deuse un proceso de relanzamento do idioma coa publicación dos primeiros tratados teóricos sobre o mesmo, e descubríronse, moito ao final, os textos literarios medievais gracias á aparición dos apócrifos italianos (véxase López 1991). Estes factores serviron de base aos nosos escritores para intentaren sistematizar a lingua. Consecuencia disto foron as disputas teóricas e as polémicas ortográficas existentes e vertidas en diferentes medios de comunicación sobre as tendencias existentes na representación gráfica do idioma que, salvando as distancias, veu ser o comezo dun conflito normativo existente aínda hoxe².

O español, embora lentamente, íase introducindo cada vez máis nas capas sociais non contaminadas lingüísticamente, dándose a tendencia, aínda observada nos nosos días, do abandono por parte dos falantes do seu monolingüismo en galego e o posterior paso a un bilingüismo preocupante. A presión castelá era constante: a emigración dos nosos compatriotas á América e ao resto do Estado, que os convertía en náufragos nun océano lingüístico alleo; un maior crecemento das áreas urbanas (máis castellanizadas); a ampliación do ensino (todo el unicamente en español)..., eran factores que marcaban o proceso de desgaleguización idiomática.

A dependencia do español era tan acusada na sociedade que, mesmo, as primeiras gramáticas galegas estaban escritas en castelán, e a principios xa do século XX a propia Real Academia Galega (institución concebida para a defensa do idioma), publicaba o seu *Boletín* practicamente todo en castelán.

¹ Houbo algunhas excepcións. Así, por exemplo, conservamos hoxe de Pondal unha carta dirixida a Eugenio Carré Aldao e outra a Andrés Martínez Salazar escritas en galego (véxase Ferreiro 1991: 203, 216).

² Sobre a polémica ortográfica suscitada nesta época, véxase (Hermida 1987: 299-316; 1992).

Os nosos escritores (literatos e historiadores fundamentalmente) loitaron contra esta situación unidos por unha ideoloxía baseada na defensa da identidade do país. Eran intelectuais que se movían baixo os postulados, primeiro, do provincialismo e, máis tarde, do rexionalismo e do nacionalismo.

Neste ambiente sociolingüístico encontrábase o poeta celanovés M. Curros Enríquez, un dos máximos representantes do noso Rexurdimento, que manterá en todo momento unha idea clara de defensa do idioma.

Ideoloxicamente Curros foi sempre un firme defensor da nosa lingua, embora a súa vida, espallada fóra do país, o levase tamén a cultivar literariamente o castelán, obrigado en grande medida polo seu traballo como xornalista en medios de comunicación madrileños e cubanos.

A súa posición en favor do galego foi inequívoca. Porén, se os comezos literarios con “Cántiga”, cando só contaba 17 anos de idade, os fixo en galego, despois a súa produción xuvenil foi case toda en castelán, se nos atemos aos escritos que del conservamos³. Só esporadicamente se atopan composicións en galego. “A primavera”, unha das primeiras, achámola publicada en 1874; “A nena na fonte” apareceu en *El Heraldo Gallego* o 18 de Xuño de 1874⁴, e talvez “Ben chegado” composta, segundo Carballo Calero, con motivo do nacemento do seu fillo Adelardo no verán de 1873, aínda que supostamente en principio en castelán (Carballo Calero 1981: 352-353). En 1876 compuxo “Muiñeira monorrítmica”, que publicaría meses despois. Mais o ano 1877 foi determinante, ao se apresenter e gañar o premio do Certame literario de Ourense, patrocinado por Modesto Fernández González. Este feito influíu de tal xeito no poeta que xa non deixaría de utilizar o noso idioma, sendo constante a súa presenza nos seus escritos. Deste xeito, case tres anos despois, publicaría *Aires d'a miña terra*, o seu primeiro libro poético en galego cun total de 21 composicións. E nada mellor que o éxito que acadou, debido á súa calidade e ás empolas que nalgunhas capas sociais levantou, para que Curros se subise ao carro da lingua e non baixase xa máis del. A premonición do último verso da “Introdución” a *Aires da miña terra (inda ó morrer te mentarán meus beizos)*,

³ Entre os poemas escritos en castelán da súa primeira época podemos citar os seguintes: “Al Dos de Mayo”, *El Combate*, Madrid, 2.5.1872; “Tributo de sangre”, composto en Madrid, o 29 de Maio de 1872; “En el aniversario de la muerte del Príncipe de los Ingenio” Españoles”, Madrid, 21.4.1873 e os publicados en *El Correo de Galicia* de Ourense: “El itinerario. Confidencia”, nº 63, 20.8.1873; “El canto de la República”, nº 70, 25.9.1873; “La guerra civil. Oda”, nº 77, 30.10.1873; “Contraste”, nº 90, 10.1.1874, etc. Aínda que non coñecemos poemas anteriores a “Cántiga”, Curros xa escribera en xornais madrileños, como *El Español*, empregando o castelán.

⁴ Adelardo Curros e Carlos Casares, nas súas respectivas edicións sobre a poesía galega de Curros, afirman que o soneto “A fouce do avó” fora publicado en *El Heraldo Gallego* en 1874, mais en ningún momento citan a data concreta e o número. Nós revisamos a colección deste xornal e non o achamos; só nos quedou o número 24 por consultar. Admitimos que o citado poema podía estar aquí. Se non for así, non pertence a esta época.

cumpríuse en 1908 na Habana. Non debemos esquecer que nos anos en que viveu en Cuba foi o máximo impulsor da Real Academia Galega co fin de que esta elaborase unha Gramática e un Dicionario para sistematizar a lingua contra os perigos da dispersión, da dialectalización e da desaparición.

A situación social e o ambiente que se respiraba no XIX –a pesar do romantismo– e a falta de tradición literaria non axudaban en nada á utilización da lingua escrita como vehículo de comunicación. Curros e outros moitos escritores da época loitaron pola súa dignificación e normalización. Mais aínda así, recibéron ataques e sufreron atrancos por cuestións como que a correspondencia privada destes autores –inclusive entre eles– se facía toda en español, o que puña en evidencia a contradición entre o seu ideal lingüístico e a maneira de levalo á práctica. Esta situación era debida fundamentalmente á falta duns antecedentes en que se apoiaren e ás condicións socio-políticas propias do século, cun desinterese total dos gobernantes, que non estaban por legislar en favor do noso idioma nen tampouco por incorporalo á documentación oficial. A propia Pardo Bazán, inimiga dos escritores do Rexurdimento galego e do cultivo da lingua, declaraba chea de malévola intención que o galego “no lo hablan los que lo escriben”.

Da situación do proceso diglósico que debía existir naquela sociedade decimonónica decatábase o autor cando ten de saír en defensa do galego fronte ao español. Curros (1886) criticou aqueles galegos que consideraban superior o idioma de Castela ao noso:

...de aquellos de nuestros conterráneos que, haciendo alarde de una petulancia verdaderamente ridícula, hallan preferible una necedad vertida en idioma extraño, al mejor pensamiento expresado en el habla de sus mayores.

A súa preocupación pola lingua vémolala reflectida nalgúns dos seus poemas e noutros traballos en prosa. A lingua é a protagonista central dos poemas “Introdución” de *Aires da miña terra* e mais de “Évos a léngua gallega”. En prosa aparecen opinións súas sobre o galego nas recensións de: “Decadentismo. Cousas d’a aldea (versos gallegos) por Aureliano J. Pereira” (Curros 1891), no prólogo a *Soidades* de Lugrís Freire de 1894 e en “El Idioma Gallego, su antigüedad y vida, por D. Anton”o de la Iglesia” (Curros 1886).

No poema “Introdución” Curros decatábase do perigo de desaparición que corría o idioma: *non, tí, non morrerás, céltica musa*, AIR 0 v.61; *Tí non podes morrer...*, AIR 0 v.69; *tí non morrerás*, AIR 1 vv.71-72. Sabía que este molestaba certos sectores sociais e denunciou os ataques que recibía: *¡Eso quixeran / os desleigados que te escarneceron!*, AIR 0 vv.69-70.

Onde se poden apreciar claramente expostas as súas ideas sobre o tema é na recensión que fixo do libro citado de Antonio de la Iglesia en que o afán por

dignificar a nosa lingua o leva a considerala máis antiga que a castelá e, mesmo, a afirmar que esta deriva da nosa:

De todo cuanto hemos leído y llegó a nuestra noticia, relativamente á su origen, dedúcese que el gallego es la primera forma de desenvolvimiento impuesto á la lengua del Lácio por las primitivas razas peninsulares, á cuyo géneo y á cuya modalidad étnica y fisiológica tuvo que plegarse el idioma invasor latino, llegado que fué el momento de su transformación inevitable.

De esa primera adaptación, ó si se quiere, de esa descomposición y compenetración del latín en la condicionalidad histórica de aquellas razas, quedan todavía rasgos fisionómicos tan marcados en el castellano que –mal que le pese, y es de suponer que no le pesará, si no que antes lo tendrá á grande honra– bastan para acusar en él la herencia y reputarle por hijo legítimo del gallego (Curros 1891).

O noso autor, como o resto dos escritores da época, viuse obrigado a partir da lingua falada polo pobo para tratar de chegar a conformar unha lingua literaria e de prestixio. Por iso, sempre tivo vontade para superar a fase do dialectalismo do noso Rexurdimento, tratando de conseguir a fixación dun galego literario común a todos:

Si de algo se despejó el gallego en la selección á que viven sometidas todas las formas naturales fué la mandra que se despoja el globo de lastre para ascender; fué para adquirir privándose de lo supérfluo, lo necesario; fué para alcanzar, renovándose, mayor desarrollo social, más prosélitos, más vida. No tememos al hablar de esta suerte la sonrisilla excéptica de los que creen que el gallego ha terminado ya su mision y nada le queda por andar de su jornada.

Nosotros tenemos gran fé en los destinos de esa lengua que por algo y para algo vive [...]. Y la lengua que medita y solloza, la lengua del pensameinto y de la lágrima; la lengua que castiga y arrulla, que truena y canta, que se eleva hasta Dios y que desciende al hombre, es una lengua inmortal. No por pequeño es despreciable un idioma [...].

Mas para que el gallego alcance el rango y la prosperidad á que está llamado, importa trabajar, mucho, trabajar sin descanso [...]. Hay quien no cree posible, ni decente, ni ortodoxo, que el pensamiento moderno se formule en un dialecto pudiendo formularse en un idioma....

–¡Dialecto! No hay fragmentos de idiomas, como no hay fragmentos de pensamientos, como no hay pedazos de alma. Toda manifestacion de una idea es un idioma, la palabra lo dice. Los que á título de dialecto proscriben el gallego de la literatura española y hallan pueril su empleo, ni aman su raza, ni conocen la historia de esa lengua, ni se han fijado en la invasion que en la actualidad viene realizando dentro y fuera de España [...].

De dos modos se imponen los idiomas: por la fuerza de las armas ó por la fuerza de las ideas. Galicia no es un pueblo guerrero, pero es un pueblo ideal y, además, un pueblo lírico. Con esa espada de dos filos conquistará el porvenir y dominará en las letras [...].

Cultivemos, pues, el gallego; [...] y descansenos luego en el augusto reposo del que ha sabido cumplir con su deber y luchar por la gloria y el honor de su patria.

Nadie podrá acusar fundadamente de egoísta esta tendencia sin hacerse antes de igual pecado y sin demostrarnos que sacrifica sus tradiciones de origen, su patriotismo, los intereses de los pequeños de los pocos y de los débiles, tan respetables si no más que los de los grandes de los muchos y los fuertes, en aras de su vanidad, en aras del aplauso ruidoso de las multitudes. Pero si alguien osase á tanto, sepan desde ahora los que tal hagan que atentan contra el derecho de gentes; quieren privarnos de cultivar nuestro pródigo; de aumentar nuestra cosecha y de recogerla y explotarla, de conservarla íntegra para los hijos de nuestros hijos poniéndola á cubierto de la intemperie y de la rapiña (Curros 1891).

Do mesmo xeito, o autor quixo elevar a categoría do idioma tirándoo do ambiente familiar e considerándoo apto para ser expresión do mundo científico e cultural. Esta concepción vémolos no poema “Évos a léngua gallega” e mais no seu artigo “Decadentismo”:

Todavía hay quien cree que la lengua gallega no pasa de ser un idioma agrario, útil sólo al destripador de terrones. De ahí que el mejor poeta gallego sea para los que así piensan el que con más propiedad hace el inventario de los aperos de labranza, se santigua con el labrador al escuchar en la campana de la aldea el toque de oración, ó imita en versos onomatopéyicos, de gusto dudoso, el gruñido del cerdo, el chirrido del carro ó el son de la gaita. Según esos críticos, el habla gallega permanece estacionaria desde el siglo XIV; por consiguiente, todas las ideas, desde entonces concebidas, todos los progresos, desde entonces realizados, no pueden tener expresión adecuada dentro de esa lengua. Y, claro está; como el alma, las sensaciones, las pasiones y todo lo que constituye la vida de los seres, no existía antes de esa época..., la lengua gallega no puede ser metafísica, psicológica ni fisiológica; no puede preocuparse de la libertad, porque entonces no la había; no puede pedir la rebaja de los tributos, porque entonces nadie se atrevía á negárselos al rey, ni se conocía la ciencia económica; no puede formular las ansias de las clases bajas, porque entonces no las sentían; no pueden quejarse de su suerte, porque entonces eran felices en su miseria; no pueden desconfiar de la misericordia de Dios, porque entonces el fraile les enseñaba que sus penas eran visitas del Altísimo.

Así discurre esa escuela que da y quita, ó quiere dar y quitar títulos de suficiencia y diplomas de celebridad á los escritores regionales (Curros 1891).

En “Évos a léngua gallega” convida a estender o uso da lingua, incidindo nesta idea de tirala do seu ámbito familiar e levándoa á literatura:

*Évos a léngua gallega
moza casadeira xa
que en vez de arrulos de neno
cántigas quer de galáns.*

Xa no citado “Introdución” cualificaba a lingua de pobres e sofredores e incidía no seu carácter tradicional dentro da súa familia: *Fala de miña nay, fala armoñosa, l en qu’o rogo d’os tristes rub’ó ceo (AIR 0 v.45); fala de meus abós, fala en q’os párias (AIR 0 v.49).*

Segundo Vilanova Rodríguez (1953), Curros sentiu unha fonda preocupación polos destinos históricos do galego, pois sabía que o pobo que deixa morrer a súa lingua non ten xa razón algunha para sobrevivir como ente histórico diferenciado na Terra. Por iso, non se contentou con cultivalo senón que tratou de depuralo e acrecentalo e, sobre todo, de lle dar contido universal, quere dicir, arrincalo do seu ámbito familiar e local converténdoo nun idioma culto e cunha maior incidencia nas diferentes capas sociais.

Coñecía a súa historia tal como lle debeu chegar a el polos estudos que naquela época debían existir:

Y en verdad que el romance céltico, es decir, el gallego primario, debía ser superior á todos los idiomas peninsulares cuando apenas escuchado por Castilla, hubo de aceptarlo, y más ó menos modificado y disfrazado con desinencias y eufonías propias, vino hablándolo hasta muy entrada la época de la reconquista.

E continúa:

El gallego de hoy se habla y se escribe, salvas insignificantes diferencias, que no es seguramente agena la torpe pluma de los copistas, como se hablaba y se escribía en el Siglo XI, en el X y en el IX (Curros 1891).

Na estrofa 10 do poema “Introdución” marca un fito na súa concepción da lingua como centro de todas e única a falar. O galego é o centro universal de todas as linguas. Neste poema o autor reclama o dereito a se expresar en galego, idioma das clases máis desfavorecidas (dos parias, dos desherdados) da poboación. Por iso, en palabras de Rodríguez Sánchez (1995: 64) empregábo “consciente de que contribuía a unha loita progresista, e non só por unha iniciativa de folklorismo e provincialismo, afán que o afasta fortemente das xeracións románticas”.

Esta idea aparece reforzada tamén polo testemuño de Insua (1940: 13-14), quen afirma:

Todo gran poeta, aunque cante en una lingua escasamente extendida, habla con un aliento universal. Los idiomas no son murallas infranqueables sino las llaves de las puertas del mundo. Para entrar en el de Curros es necesario entender el gallego, como para descubrir plenamente el de Dante es preciso saber el toscano. Hay una contradicción, sólo aparente, en lo que decimos. De un lado la *universalidad* del poeta, de otro su *localismo* idiomático. Pero, precisamente, a lo universal se llega siempre por lo local, ya que no existe la lengua ecuménica. Lo que importa es decir -o que nos digan- en la vernácula conceptos universales. Y en tal forma que no puedan expresarse mejor en ninguna otra. Así en Curros. Sus versos, como todos, son traducibles, pero su “universalidad” padece con el traslado a las lenguas ajenas.

É por isto dificilmente críbel a afirmación –talvez de raíz diglósica– que o seu fillo Adelardo fai no prólogo á tradución de *O Divino Sainete*

Nunca gustó mi difunto padre, de que yo parlara la dulce y agarimosa fala en que él cantó y narró tan peregrinas bellezas como *Unha noite na eira d’o trigo* y *O Mayo*; pero mi diaria convivencia con las sencillas gentes de la aldea, donde me crié, y la tierna y arrebatadora música de su fala, cautiváronme de tal modo, que a los pocos meses de hallarme en Celanova, y después al marchar a Orense con mi familia, el dialecto gallego no tenía secretos para mí, y lo parlaba tan bien o mejor que hoy parlo el venerado idioma de Juan Ruíz, el mágico arcipreste (Curros Vázquez 1918).

De todos os xeitos cústanos moito traballo crer que un grande defensor da nosa lingua puidese prohibir ou, mesmo, desaconsellar aos seus fillos o seu uso, pois o gallego era o idioma de seu como llo dixo Alfredo Vicenti no mesmísimo acto de homenaxe-coroación no Teatro Principal da Coruña o 21 de Outubro de 1904:

Coronad a Curros, y prometedle que cultivareis su idioma, la lengua que á Dios gracias y por obra de nuestros poetas ha revivido, es nuestra fuerza y nuestro escudo⁵.

Máis ben deducimos das palabras de Adelardo un xa auto-odio seu persoal, posto que ao longo da súa vida en moi poucas ocasións deixou escrito algo en defensa do idioma. Vén sendo, pois, unha desculpa do propio Adelardo por non utilizalo como lingua vehicular, pois a súa lingua de instalación era o español por ter vivido a maior parte da súa infancia e xuventude en Madrid.

Cando Curros comezou a escribir en galego e, sobre todo, cando gañou o premio de Ourense e publicou o seu primeiro libro, non existían grandes tratados gramaticais sobre os que basearse: só a Gramática de Mirás (1864) e a de Saco Arce (1868); nen tampouco dicionarios: unicamente o de Rodríguez (1863) e o de

⁵ Tirado do rotativo herculino *El Noroeste*, 22.10.1904.

Cuveiro Piñol (1876), xa que o de Valladares Núñez, máis completo que os anteriores, se publicou en 1884 (Valladares Núñez 1884). Por outro lado, a tradición da nosa literatura medieval non debeu de chegar, nun principio, ao autor. As primeiras publicacións deste material medieval que puideron ser consultadas datan de 1875, en que E. Monaci edita o *Cancioneiro da Vaticana* e, máis tarde, no 1878, Theófilo Braga fai o mesmo (segundo Carballo Calero (1981: 385)⁶, Antonio M^a. de la Iglesia manexou esta edición), Molteni en 1880 dá a lume o *Cancioneiro Colocci-Brancuti*, a Real Academia Española publica en 1889 as *Cantigas* de Afonso X e, en 1904, D^a Carolina Michäelis de Vasconcelos, edita o *Cancioneiro da Ajuda*. Curros ignorou posibelmente estes estudos e tivo de formar a súa lingua literaria sobre a fala popular, como o resto dos escritores da época, sen se poder apoiar na riqueza ortográfica e léxica das nosas cantigas medievais, que o levarían, seguramente, a non reflectir a fala baseado nos únicos grafemas que coñecía nese momento, aprendidos na escola, e que non eran outros que os do castelán (posibelmente fose a antoloxía das cantigas medievais publicadas por Antonio de la Iglesia o primeiro contacto que o autor tivo coa nosa lírica antiga). Estes hábitos gráficos non foron unánimes en todos os escritores, pois o citado Antonio de la Iglesia, Pondal e outros optaron, nalgúns casos concretos, por grafías de tipo etimolóxico.

O seu labor era polo tanto difícil. A carencia dunha case total tradición literaria complicoulle enormemente o traballo. Só a súa convicción en favor do idioma e o seu compromiso co país o levou a superar estes obstáculos. Desta forma, sempre tratou de dar prestixio e utilidade á lingua, elevándoa á categoría literaria. E a dificultade era maior cando, despois de estar ausente varios anos da Galiza, se pon a escribir os poemas posteriormente premiados no Certame de Ourense, pois a falta de graxa no eixo da sintaxe e do léxico dificultaba o percorrido polos camiños das palabras, dos modismos e dos xiros de extracción tipicamente popular. Aínda así, compuxo uns poemas que hoxe podemos considerar dos mellores da nosa literatura. O coñecimento de *Cantares gallegos* de Rosalía e da *Gramática* de Saco Arce foi, sen dúbida, a base de que partiu.

A pesar de todos os atrancos, o poeta dominou extraordinariamente ben os recursos idiomáticos, como puxo de manifesto Alonso Montero (1967: 291) ao afirmar que “naceu dotado como ninguén pra entendelas cousas de seu país. Só arrincando

⁶ Di Carballo (1981: 385): “Os escritores que cultivaron a nosa fala [os do XIX], permaneceron isolados da lingua dos cancioneros galaicportugueses da idade meia. Ístes só comezan a ser asequibles dende 1875, ano en que Monaci edita en Halle *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana*; xa que as publicacións de Lord Stuart, Varnhagen e Lopez de Moura foron iñoradas no noso país. A fins do XIX, os nosos eruditos, como don Antonio María de la Iglesia, empezan a manexar o *Cancioneiro Portuqez da Vaticana*, dado a luz por Theófilo Braga en 1878, ao que seguen *Canzoniere Portoghese Colocci-Brancuti*, de Molteni, en 1880, e o *Cancioneiro da Ajuda*, de Carolina Michäelis de Vasconcellos, en 1904.”

desto se pode comprender a maestría do seu galego, pra min un dos galegos máis populares, máis ricos, máis xugosos, máis fermosos que se teñan escrito”.

Efectivamente, a súa profesión de xornalista e o feito de ser un voraz lector de todo o que lle caía nas mans levárono a posuír un extraordinario dominio da lingua e unha grande riqueza léxica. Con estas armas intentou superar en todo momento a fase inicial da lingua fuxindo, na medida do posíbel, de vulgarismos innecesarios e de dialectalismos propios do seu entorno, tratando de darlle ao idioma unha unidade que naquel momento non posuía. Por iso percébase na súa obra unha marcada evolución desde os poemas premiados no Certame de Ourense e publicados en *El Heraldo Gallego* até os da primeira edición de *Aires da miña terra*. Mesmo en *O Divino Sainete* a ansia de perfección chegou a solicitarlle ao editor Martínez Salazar que introducise varias modificacións nos manuscritos orixinais que xa lle entregara.

Sexa como for, a influencia na nosa literatura posterior converteuse nun feito innegábel e foron moitos os escritores que beberon da auga deitada polas súas fontes, converténdoo nun exemplo a seguir polas xeracións vindeiras.

Referencias bibliográficas

- AIR = Curros Enríquez, Manuel (1978) [reimp. facs. da ed. de 1886]: *Aires d'a miña terra* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- Alonso Montero, X. (1967): “Curros Enríquez ou a poesía como loita”, *Grial*, 17: 290-318.
- Carballo Calero, R. (1981) [1963]: *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).
- Curros Enríquez, M. (1886): “El Idioma Gallego, su antigüedad y vida, por D. Antonio de la Iglesia”, *El Regional*, Lugo, nº. 765, 766 e 767.
- Curros Enríquez, M. (1891): “Decadentísimo. Cousas d'aldea. (versos gallegos) por Aureliano J. Pereira. Un tomo de 149 páginas. A Coruña, 1891”, *El País*, Madrid, 17.4.1891.
- Curros Vázquez, A. (1918): M. Curros Enríquez, *El Divino Sainete. Poema en ocho cantos. Escrito en gallego por su inmoral autor y traducido al castellano por... (hijo del poeta)* (Madrid: Imprenta Felipe Peña Cruz).
- Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario Gallego* (Barcelona: Tip. de Ramírez y Cía).
- Fernández Pousa, R. (1952): “La lengua gallega en Curros Enríquez”, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, Tomo. LVIII: 353-381.
- Ferreiro, M. (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura* (Santiago: Laidvento).

- Hermida, C. (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX”, *Grial*, 97: 299-316.
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)* (Vigo: Xerais).
- Insua, A. (1940: 13-14): “Prólogo”, en Curros Enríquez, Manuel, *Aires da miña terra: IX-XV* (Buenos Aires: Emecé Editores).
- López, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX* (Santiago: Laiovento).
- Mirás, F. (1978) [reimp. facs. da ed. de 1864]: *Compendio de Gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana* (Madrid: Akal).
- Rodríguez Sánchez, F. (1995): *Evolución ideolóxica de Curros Enríquez* (Vigo: A Nosa Terra).
- Rodríguez, F. J. (1863): *Diccionario Gallego-Castellano* (A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial).
- Rúa Ferradás, M. M. (1987): “Estudio do galego en Aires d’a miña terra, e no Divino Sainete”, Extra 9 d’A Nosa Terra. *Crebar as liras*: 67-71 (Vigo: A Nosa Terra).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Valladares Núñez, M. (1884): *Diccionario Gallego-Castellano* (Santiago: Tipografía del Seminario Conciliar Central).
- Vilanova Rodríguez, A. (1953): *Vida y obra de M. Curros Enríquez*: 286-289 (Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego).